

Cando acabei Primaria e chegou o momento de pasar a Secundaria, miña nai deume a escoller entre Marlborough e Repton, dúas das máis famosas Public School de Inglaterra. Eu elixín Repton, pois resultaba bastante máis fácil de pronunciar que Marlborough.

Boy

E en setembro de 1929, cos meus trece anos acabados de cumprir, marchei interno para aquel colexio, a máis de douscentos quilómetros da vila onde viviamos.

Alí, igual que nos demais colexios ingleses, algúns alumnos maiores desempeñaban o cargo de monitores e realizaban as funcións de vixilancia. Chamábanlles *boazers*, e tiñan un poder total e absoluto sobre os máis pequenos. Por exemplo, podían castigarnos por calquera insignificancia, por deixar que se queimase a súa torrada á hora do té, por non limpar ben o seu cuarto, por chegarmos tarde cando pasaban lista, por falarmos durante o estudo... O repertorio de faltas era interminable.

—Catro coa bata posta ou tres sen bata? —preguntábanche.

—Que querían dicir con iso? Pois que, como castigo pola falta cometida, ías levar unhas xostregadas no cu; e que o único que podías facer era elixir entre esas dúas opcións. E claro...

—Catro coa bata —bisbabas tremendo.

Despois dos azoutes desenvolvíase sempre, invariablemente, o mesmo ritual. A vítima tiña que plantarse no medio e medio do dormitorio e baixar o pantalón do pizama para que os demais examinasen o dano causado. E entón os expertos, apiñados arredor del, expresaban as súas opinións nunha linguaxe altamente especializada:

—Un traballo de primeira!

—Vaia puntería ten, todas no mesmo sitio!

—Agarda, que lle quero botar outra ollada...

Por se non abundase con iso, eu tiven que pasar dous longos anos como *fag* ou asistente. Calquera *boazer* podía ordenarlle o que se lle ocorrese a calquera *fag*. Estivese onde estivese, non tiña máis que berrar «Fa-a-ag!», e todos tiñamos que deixar inmediatamente o que facíamos e acudir lixeiros ao lugar onde soase o berro. Daquela desatábase unha carreira á desesperada por todo o colexio, xa que o derradeiro en chegar sería o designado para realizar o indigno traballo que o *boazer* lle tivese preparado.

Un día estaba eu no vestiario, limpando as botas de rugby dun deles, cando oín o famoso «Fa-a-ag!» na outra punta do colexio. Tirei a bota que tiña nas mans e saín a fume de carozo, pero cheguei o último. Entón Wilberforce, o monitor que pegara o berro, díxome:

—Dahl, achégate.

Os outros asistentes liscaron a toda velocidade, e eu acerqueime con resignación para recibir as ordes que se lle ocorresen:

—Vai e quéntame o asento do váter. E quéroo ben quente!

—Saín a galope, sen perda de tempo, e corrín por riba da neve ata os retrete. Estaban fóra do edificio, nunha caseta sen calefacción. É dicir, que un día cru de inverno podías quedar conxelado se botabas moito tempo alí sentado. E aquel día era terriblemente cru!

Quitei o xeo do asento co pano das mans, baixei os pantalóns, sentei e estiven así, polo menos, un cuarto de hora.

—Quitácheslle o xeo? —preguntou o monitor cando chegou.

—Quitei, Wilberforce.

—E está ben quentiño?

—Todo o que puiden, Wilberforce.

—Imos comprobalo axiña. Xa podes ergúerte.

Levanteime e subín os pantalóns. El baixou os seus e sentou.

—Moi ben. Pero que moi ben —comentou movendo a cabeza en sinal de aprobación—. Heite poñer na miña lista.

Vocabulario

Public School: Aínda que estas escolas se chamaban «públicas», en realidade eran colexios privados de elite.

xostregada: Golpe cunha vara ou xostra.

bisbar: Murmurar, fala baixiño.

Eu non sabía que diaños quería dicir nin a que lista se refería.

—Algúns asistentes teñen o cu quente e outros frío, pero eu só emprego asistentes de cu quente para que me quezan o váter —explicou—. Non te esquecerei.

E, en efecto, non me esqueceu: durante todo aquel inverno pasei a ser o «quentarretres» favorito de Wilberforce.

Roald Dahl: *Boy* (relatos de infancia), Ed. Alfaguara (adapt.)

▼ Analiza o contido

○ O narrador fala dun cambio de centro educativo. Cal é a causa?

• Que criterio seguiu para escoller a nova escola?

○ Hai un dato que fai pensar o que narrador e o escritor son a mesma persoa. Sinálao.

Que alumnos recibían o nome de *boazers*?

• E o de *fags*?

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F), e indica en que liñas ou partes do texto te baseas para responder:

- O protagonista foi estudar a un centro escolar privado.
- Nos colexios ingleses da época, o alumno que non era *fag* era *boazer*.
- Un dos castigos máis frecuentes consistía en recibir azoutes cunha vara.
- Os *fag* maltrataban impunemente os alumnos máis novos.
- Un monitor mandoulle a Dahl que lle limpase as botas de rugby.
- Wilberforce era o quentarretres do internado.
- O feito de transcorrer no inverno inflúe bastante na historia.

▼ Analiza os personaxes

○ Escolle dous adxectivos que cualifiquen o comportamento destes personaxes: Dahl e Wilberforce.

despótico dócil pousón
loubán apoucado argalleiro

○ O título da lectura está tomado das palabras dun personaxe. Quen é?

- Que significado ten esa expresión neste caso?
- Escribe ti outro título baseado no que di —ou pensa— o protagonista.

▼ Interpreta e opina

○ Elixe a opción coa que esteas máis de acordo: O sistema de *boazers* e *fags*...

- ... está ben porque resulta gracioso.
- ... non me gusta porque se basea na humillación.
- ... é lóxico porque os veteranos teñen que mandar nos novatos.
- ... favorece que os alumnos novos estean máis controlados.

• Explica as razóns da túa escolla.

▼ Escribe

Escribe tres normas que deban figurar no regulamento dun internado para evitar situacións como a que acontece no texto.

Fai un resumo do texto
(entre 5 e 8 liñas).